

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE ABRIL DE 2021

Ás 10:40 horas do día 12 de abril de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 7 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2a, 4a, 5 e 6)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2b e 4b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2c e 4c)
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:22	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF41-C8D146-4FEDA2-SKHEA6-QZ2S13-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
3. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
4. COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.
5. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
6. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
7. NAROM, S.L.
8. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
9. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
10. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. VIVEIROS ADOA, S.L.
 2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332)

A secretaria informa do único licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a IMAXINERÍA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura administrativa e técnica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de limpeza e desinfección das áreas e elementos dos parques infantís, áreas biosaudables, pistas deportivas e instalacións de uso público ao aire libre no Concello de Vigo para o cumprimento do protocolo COVID-19



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:22	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF41-C8D146-4FEDA2-SKHEA6-QZ2S13-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(48.804-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (AGRONERGA, S.L., OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS, S.L. -OTRAPLASA, S.L.- e ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.). a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade,

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AGRONERGA, S.L.
 2. OFICINA DE TRATAMIENTO DE PLAGAS, S.L. -OTRAPLASA, S.L.
 3. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

A continuación ábrese a “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

A Mesa acorda, por unanimidade solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica.

4.- Apertura da documentación técnica**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa Troncoso” (739-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de teatro de Vigo (EMT) (24.770-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:22	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF41-C8D146-4FEDA2-SKHEA6-QZ2S13-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos - Feder Vigo Vertical o 5 de abril de 2021 de valoración do sobre B “proposición avaliada mediante xuízo de valor” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliada mediante fórmula” dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	111.395,21 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	123.011,21 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	118.487,62 €
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	125.840,00 €
5	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	138.008,10 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	125.434,02 €

Asiste á apertura D^a. Paula Souto García, con DNI ****.*04.04***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e e D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI número ****.*13.54***, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 09:22	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF41-C8D146-4FEDA2-SKHEA6-QZ2S13-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		